

PEZA DO MES

xuño

2015



PORCELANAS CHINESAS
EDIFICIO DO MUSEO

XUNTA DE GALICIA

Porcelanas chinesas. Edificio do Museo

As escavacións realizadas no edificio do Museo, soar das *Torres, Pazos e Curral do Bispo de Ourense*, na primeira década do século XXI, para adaptalo a novas necesidades museográficas viñeron a confirmar a importancia do seu núcleo románico e esclarecer a complexidade das súas sucesivas fases construtivas, dende os seus alicerces romanos ata as últimas reformas do século XX. Ao tempo, exhumáronse unha serie de materiais que están contribuíndo a coñecer a vida cotiá dos sucesivos bispos e os patróns de uso-consumo de bens de importación por parte da sociedade ourensá ao longo da Idade Moderna. Entre eles tres fragmentos de porcelana chinesa.

Foi Cinta Krahe, doutora en Historia da Arte pola Universidade de Leiden, experta en porcelana chinesa e oriental na España dos Habsburgo, quen nos animou a investigar entre os materiais das citadas escavacións ao interesarse por dous fragmentos de porcelana chinesa que apareceran recentemente no castelo de Maceda. Foi ela tamén quen xenerosamente nos brindou algunhas pautas para a súa correcta catalogación.

En concreto, os dous primeiros corresponden a cuncas de bordos lobulados realizadas en porcelana chinesa en azul cobalto sobre branco, destinadas maioritariamente á exportación e elaboradas a finais do século XVI. Ambos fragmentos, probablemente pertencentes a unha mesma cunca, están decorados na súa cara externa cos cuartos traseiros dun cabaliño en movemento, símbolo de bo augurio, de perseveranza, forza e beleza, formando unha orla e con elementos de bo augurio taoístas e budistas, de carácter vexetal. Os dous deseños están realizados cunha pincelada imprecisa e esvaecida nun azul diluído dado baixo unha cuberta gris-prata cunhas características propias da porcelana manufacturada nos primeiros anos do reinado do emperador Wan-li (1573-1619). Deseños semellantes, e claves para a súa correcta datación, foron un pequeno fragmento recuperado nas escavacións realizadas nas ruínas do convento das monxas da Concepción, na cidade vella de Panamá e unha cunca, cun soporte de prata elaborado en Londres, en 1585, conservada no Museo Metropolitano de Arte de Nova York, pintadas

co mesmo motivo, no estilo coñecido, vulgarmente, como carraca.

O éxito acadado nas poxas de Amsterdam e Middelburg, das cargas das carracas portuguesas –*São Tiago e Santa Catarina*–, capturadas entre 1602 e 1604, polos holandeses vai ser determinante para este tipo de porcelanas. Comezan a coñecerse co controvertido termo: kraak; aumenta o número de pedidos, diversifícase o mercado, o que levará consigo novas características técnicas e decorativas. A pasta será máis fina e relativamente leve, moi vitrificada e sonora. O vitrificado pasa a ser brillante e moi fino, é lixeiramente azulado e con tendencia a escamar; os azuis utilizados son xeralmente violáceos e brillantes, por veces moi escuros con augadas claras. As formas máis comúns son os pratos, fontes e cuncas. Os bordos, de contorno trapezoidal e remate conopial, adoitan estar divididos en paneis radiais e conteñen símbolos de bo augurio, taoístas ou budistas, mentres que os fondos están decorados con escenas lixeiras da natureza.

Esta porcelana, apreciadísima e carísima en toda Europa dende que os portugueses a deran a coñecer a mediados do século XVI, foi comercializada por españois dende 1565, a través do Galeón de Manila e, dende comezos do século XVII, polos holandeses a través da Compañía das Indias Orientais, monopolizando o seu comercio e facéndoa accesible á clase media.

Con todo, esta importancia histórica non aparece reflectida nos estudos arqueolóxicos. Nos últimos anos empézanse a publicar pequenos artigos ou traballos que intentan avanzar no coñecemento dos materiais modernos que chegan á península. Non obstante, son poucos os traballos que se interesan pola porcelana chinesa; aparece citada, pero raramente catalogada. En Galicia contamos cos recentes traballos de Etsuko Miyata Rodríguez. Publicados en revistas de fala inglesa, estuda as achadas nas últimas escavacións feitas en Vigo, Pontevedra; en Santiago de Compostela, na Casa do Deán; en Baiona, na *Vila Vella*, onde contabiliza máis de 15 fragmentos decorados cunha gran variedade de motivos: herbas acuáticas, flores, gacelas, coellos e flores de loto; e por último as do castelo de Maceda ornamentadas con *ruyi*, símbolo en forma de corazón, emblema da autoridade monástica, prosperidade e lonxevidade. Todas elas



ou a maioría importadas entre finais do reinado de Jiajing e principios do período Wan-li, a finais do século XVI.

En toda a península o repertorio cerámico que aparece asociado a estas porcelanas é representativo e específico e con circuitos comerciais concretos, aos que a cidade de Ourense parece que non permaneceu allea. Fórmano cerámicas de Talavera da serie «chinesa das andoriñas ou fentos» ou «tricolor»; louza fina de reflexos dourados levantina, cerámicas de Montelupo, gres de Westerwald e fragmentos de xerras de importación ou non, tipo *bellarmine* ou *bartmannkrug*.

O terceiro fragmento é dunha pequena cunca con asa para café –novas formas impostas polos portugueses, para novos usos– que levaría a xogo o seu prato, probablemente elaborada entre os reinados dos emperadores Yongzheng (1723-1735) e Qianlong (1736-95). A cunca completa estaba decorada cun deseño tipo *Imari*; isto é, azul de cobalto (óxido de cobalto) baixo cuberta e esmaltes vermello, dourado e negro, sobre cuberta. O rexistro principal, que cobre toda a superficie do corpo, compón unha paisaxe con ramas, flores e o contorno dun paxariño; o bordo, como é común neste tipo de pezas, presenta unha orla en azul de retícula romboidal e unha flor.

Estas porcelanas, coñecidas como tipo *Imari* ou *Imari chinesco* son imitacións producidas a custos máis baixos das porcelanas orixinalmente realizadas en Arita (Xapón) e exportadas a través da Compañías das Indias Orientais dende o porto de Imari a todo o mundo. Este tipo de porcelana, tanto a xaponesa coma a chinesa, caracterízase pola súa decoración recargada na que se combinan o azul de cobalto baixo cuberta con outros esmaltes

polícromos sobre cuberta, como o vermello, máis ou menos diluído, o dourado e, nalgúns ocasións, o verde, particularmente vivo, o amarelo e o negro, o que dá lugar a diferentes series. A diferenza entre as producións xaponesa e chinesa estriba sobre todo na superior calidade e maior refinamento desta última. Os deseños máis frecuentes son os bambús, os conxuntos de crisantemos, aves, nubes e flores, dragóns, salgueiros e follas de fentos, distribuídos por toda a superficie. Os bordos adoitan estar decorados, tanto polo interior como polo exterior, cunha orla formada por liñas diagonais encontradas ou con bandas enmarcando pequenas flores, tanto en azul baixo cuberta como en vermello sobre ela.

Este tipo de porcelana, abundante en coleccións privadas e en museos, resulta escasa no rexistro arqueolóxico español. Deste período non coñecemos ningún paralelo en Galicia; máis ricos son os achados en México, Arxentina e, en xeral, loxicamente, en toda América tanto en ambientes palacianos como conventuais. No Pazo episcopal esta cunca formaría parte, probablemente, dunha vaixela de luxo que se vería completada con louza francesa tipo *Terre de Fer*, de louza azul de influencia chinesa, de cerámicas comúns vidradas ou non de distintos alfares, ademais de louza inglesa preferentemente fabricada para uso sanitario.

Para concluír, e entrando nun campo meramente especulativo, todo este enxoval ben puido ser adquirido e usado polo bispo Fr. Agustín Eura (1738-1763), quen mandara construír un fermoso cuarto con acceso directo ao xardín e unha galería cara ao solpor, o que amosa un afán por acadar unhas mellores condicións de vida. Porque de feito, como opina Fernand Braudel: «É, en efecto, na casa, no mobiliario e no vestir onde mellor pode manifestarse o luxo».



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana María Veiga Romero


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA
DE GALICIA